



*RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura pola que se aproban as bases e se convoca o Certame Vindevídeos*

Coincidindo coa chegada a Galicia do Pergamiño Vindel, e no marco da súa programación conmemorativa, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, convoca o Certame Vindevídeos, coa finalidade de que a xente nova e mais a sociedade en xeral poidan achegarse á cultura trobadoresca a través de producións en soporte audiovisual.

Con este concurso, o universo trobadoresco no que se xeraron as cantigas reinterpretárase a través das formas de expresión máis atractivas para as alumnas e os alumnos de hoxe, sempre sen perder a esencia que as consagrou como fitos da literatura mundial.

Nos últimos anos, as iniciativas de carácter audiovisual que promoven os equipos de dinamización da lingua galega son as preferidas do alumnado e evidencian unha alta efectividade á hora de dinamizar e potenciar o uso do galego no eido educativo.

Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Cultura

RESOLVEN:

Convocar o Certame Vindevídeos, de acordo coas seguintes bases:

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

O obxecto desta disposición é convocar dous premios para vídeos en galego e establecer o procedemento para a súa concesión.

Os seus obxectivos son:

- Dinamizar o uso da lingua galega entre o alumnado e entre a comunidade educativa.
- Salientar a importancia da historia, a cultura, a lingua e a literatura do período trobadoresco.
- Promover o coñecemento da lírica medieval galego-portuguesa e a divulgación do seu valor literario, lingüístico, histórico e cultural entre a xente nova e a sociedade en xeral.



- Fortalecer os vínculos coa lusofonía mediante a divulgación do noso legado común.
- Promover unha imaxe positiva e actual da lingua galega por medio da vinculación coas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a presenza e o uso do galego en novos espazos e soportes.
- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.
- Estimular a participación e o traballo conxunto entre o alumnado.

## Artigo 2. *Categorías de participación*

Establécense dúas categorías de participación:

- Categoría A: destinada a vídeos realizados con alumnado de educación infantil e primaria.
- Categoría B: destinada a vídeos realizados con alumnado de educación secundaria (ESO, bacharelato, FP básica, ciclos formativos de grao medio), ensinanzas especiais de grao medio, ensinanzas de adultos destes niveis académicos e ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra de Galicia.

## Artigo 3. *Características dos premios*

Estableceranse os seguintes premios para o centro, en función das categorías sinaladas:

CATEGORÍAS	PREMIOS	DOTACIÓN
A	1.º PREMIO	unha cámara de vídeo un facsímile do Pergamiño Vindel unha excursión á Illa de San Simón e unha visita guiada á exposición do Pergamiño Vindel para o alumnado e o profesorado participante un diploma acreditativo



A	2.º PREMIO	unha cámara de fotos  unha excursión á Illa de San Simón e unha visita guiada á exposición do Pergamiño Vindel para o alumnado e o profesorado participante  un diploma acreditativo
B	1.º PREMIO	unha cámara de vídeo  un facsímile do Pergamiño Vindel  unha excursión á Illa de San Simón e unha visita guiada á exposición do Pergamiño Vindel para o alumnado e o profesorado participante  un diploma acreditativo
	2.º PREMIO	unha cámara de fotos  unha excursión á Illa de San Simón e unha visita guiada á exposición do Pergamiño Vindel para o alumnado e o profesorado participante  un diploma acreditativo

Os premios poderán ser declarados desertos, en caso de non presentaren a calidade suficiente para os outorgar.

A entrega dos premios realizarase nun acto público no Museo do Mar de Vigo, durante o mes de febreiro de 2018.

#### Artigo 4. *Destinatarios*

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas sostidas con fondos públicos: ensinanzas de educación infantil e primaria, de educación secundaria (ESO, bacharelato, FP básica, ciclos formativos de grao medio) e ensinanzas especiais de grao medio. Inclúranse os centros que impartan ensinanzas de adultos destes niveis académicos e os centros que impartan ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra de Galicia.

Cada centro poderá presentar un máximo de tres vídeos da categoría ou categorías que lle correspondan.

O alumnado poderá participar en grupo, cun mínimo de dous integrantes.

En cada un dos traballos presentados debe haber unha persoa docente que exerza como responsable da xestión dos contidos, das imaxes e do son do vídeo que se presente.

A/O docente responsable do vídeo premiado recibirá unha certificación de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado. En caso de ser responsable de máis dun vídeo, só poderá recibir unha certificación.

#### Artigo 5. *Solicitud de participación*

A solicitude de participación formalizaráa o director ou directora do centro, segundo o modelo que figura como anexo I desta convocatoria. Deberáa enviar por correo electrónico ao seguinte enderezo: [sxpl.edlg@xunta.gal](mailto:sxpl.edlg@xunta.gal).

No asunto indicárase “Concurso Vindevídeos” e o nome do centro.

Presentarase unha solicitude diferente para cada vídeo.

#### Artigo 6. *Prazo*

O prazo para solicitar a participación e enviar os vídeos comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria nos *webs* da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)) e da Secretaría Xeral de Cultura ([www.cultura.gal](http://www.cultura.gal)), e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e rematará o 11 de decembro de 2017.

#### Artigo 7. *Forma de presentación dos vídeos*

Os vídeos enviaranse a través de Velaquí ou We Transfer a [sxpl.edlg@xunta.gal](mailto:sxpl.edlg@xunta.gal).

Incluirase no envío un documento cos seguintes datos (anexos I e II):

- Título do vídeo.
- Categoría na que participa.
- Centro educativo que a presenta: nome, código, enderezo, teléfono, enderezo electrónico.
- Certificación da dirección do centro que inclúa a listaxe do alumnado e do profesorado participante.



## Artigo 8. *Características dos vídeos*

Os vídeos deben estar realizados integramente en lingua galega.

A temática das obras estará relacionada coa cultura trobadoresca na que se xeraron as cantigas medievais galego-portuguesas e buscará dar a coñecer e/ou recrear o universo lírico, histórico e cultural da época.

A modalidade dos traballos é libre (curtametraxes, dramatizacións, videoclips, videocantigas etc.) e admitiranse distintas técnicas de elaboración (animación, *stop motion*, cámara rápida...).

Realizaranse coa participación activa do alumnado en todas as fases de elaboración.

Terán unha duración máxima de 3 minutos (incluídos os títulos de crédito). Realizaranse en horizontal, en cor ou en branco e negro.

Presentaranse en formato dixital e poderán realizarse con calquera dispositivo electrónico de boa calidade (teléfono móbil, cámara de vídeo, cámara de fotos, tableta...).

Enviaranse preferiblemente en formato mp4, con resolución para *web* (mínimo 1.280 x 720 píxeles). Se isto non for posible, tamén se admitirán en mpg, mov, avi, wmv e epub3.

Incluirán un espazo de créditos no que indicarán o nome do centro e o do concurso e engadirán nun lugar visible os logos dos EDLG, da programación do Pergamiño Vindel e da Xunta de Galicia.

A banda sonora, a música, os efectos sonoros e as imaxes que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para o fin educativo que se persegue.

As obras elaboraranse baixo a licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento», «non comercial» e «compartir igual».

O centro deberá contar coa autorización da nai, o pai ou representante legal do alumnado menor de idade participante para usar a súa imaxe no vídeo e nas accións de difusión derivadas en *webs*, redes sociais etc., sempre con fins educativos.

## Artigo 9. *Procedemento de selección*

Para a selección dos vídeos constituirase unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou a persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros:

- Unha persoa asesora técnica da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

- Unha persoa asesora técnica da Secretaría Xeral de Cultura.
- Unha persoa asesora técnica da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.
- A persoa coordinadora central dos EDLG.
- Unha persoa especialista en literatura galego-portuguesa.
- Unha persoa especialista do sector audiovisual.
- Unha persoa funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

Os vídeos valoraranse atendendo aos seguintes criterios:

- Calidade lingüística oral e escrita.
- Orixinalidade, creatividade e innovación.
- Calidade técnica, estética e artística.
- Capacidade da obra de dar a coñecer a importancia da literatura trobadoresca e a súa época.
- Potenciación dos valores democráticos (integración, inclusión social, amizade, non-violencia, igualdade de xénero, solidariedade...).

Valoraranse a mestizaxe de manifestacións artísticas (música, plástica, literatura, teatro, cinema etc.), a relación das formas e temas medievais cos motivos da actualidade e os aspectos que favorezan a integración (p. e. lingua de signos galega, pictogramas, subtítulos en galego, temática especializada).

A Comisión de Selección poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

#### Artigo 10. *Resolución*

Logo de analizar as solicitudes presentadas e os vídeos correspondentes, a Comisión de Selección emitirá a proposta de resolución dirixida ás persoas titulares da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura.

A resolución conxunta da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura publicarase nas páxinas web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)) e da Secretaría Xeral de Cultura ([www.cultura.gal](http://www.cultura.gal))

antes do 23 de xaneiro de 2018.

*Artigo 11. Difusión das experiencias e dos materiais elaborados*

A presentación a este certame implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen e a cesión dos dereitos de autor de carácter patrimonial (que inclúen a edición, reprodución, comunicación pública, distribución e publicación) a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estas obras difundiranse baixo a licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento», «non comercial» e «compartir igual».

Esta consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Cultura, poderá difundir os vídeos participantes e gañadores nos webs ou plataformas dixitais de comunicación da Xunta de Galicia (canles de Youtube, redes sociais etc.).

En todas as accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con esta convocatoria ou cos vídeos elaborados, farase constar nun lugar destacado que a iniciativa deriva dunha acción conxunta da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no marco da programación conmemorativa do Pergamiño Vindel, e utilizarase, cando proceda, o logo da Xunta de Galicia, de acordo coa normativa de identidade corporativa.

*Artigo 12. Aceptación das bases*

A participación neste concurso implica a aceptación total das súas bases.

A organización reserva para si o dereito a interpretar as bases deste certame sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

O secretario xeral de Política Lingüística

O secretario xeral de Cultura

Valentín García Gómez

Anxo Manuel Lorenzo Suárez